

MESA SECTORIAL: OPE 2025

Santiago, 4 de febreiro de 2025

Na reunión da **Mesa Sectorial de Educación** celebrada no día de hoxe, tratáronse:

1.- **PROXECTO DE DECRETO** polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da CCAA de Galicia para o ano 2025 e a Orde de convocatoria correspondente.

A Consellería nos informa da oferta de emprego público, incluídas as prazas de promoción interna, dun total de **1356 + 230 = 1586** prazas.

O reparto por corpos é o seguinte:

Corpo	Prazas ofertadas
Mestres	401 + 25
PES	880 + 220* + 48
Sectores Singulares	75 + 5
Inspección	10*
	1356 + 230*+ 78 =
	1664

*Prazas de promoción interna

- 78 prazas da quenda de discapacidade non cuberta na OPE 2024



Infórmananos que a maior novidade deste decreto é incorporación da acumulación da portentaxe do ano 2024 na quenda de discapacidade, xa que non chegou ao 3%, ascendendo a un total de 78 prazas divididas proporcionalmente nos distintos corpos. Non podendo acumularse por sentencia as prazas de discapacidade non cubertas ás quenda libre.

Outra novidade é que polo menos o 2% das prazas ofertadas pola quenda de discapacidade sexan para persoas que acrediten discapacidade intelectual.

Dende **UGT-SP** expuxemos o seguinte:

- Criticamos a falta dunha **negociación previa** da oferta de prazas a convocar, cun estudo das necesidades dos centros educativos e a estabilización do profesorado. Criticamos a presentación aos medios antes que ás OOS.
- Consideramos que a oferta é baixa, que esquece acumular as xubilacións do 2022 igual que fixo o ano pasado, e que non se axusta a realidade.
- **UGT-SP** defende a necesidade de **eliminar a limitación da taxa de reposición do 120%**.
- Parécenos ben que se decida convocar especialidades que leven tempo sen convocar, pero pensamos que para este ano o tempo é moi xusto para que o profesorado destas especialidades se prepare axeitadamente. Aínda que vemos máis lóxico que se convoquen prazas que realmente se necesiten como por exemplo as prazas de francés secundaria, que quedaron desertas o ano pasado e con 20 xubilacións que se produciron este ano.

A idea da consellería é que se vaia rotando este tipo de especialidades para non quedar tanto tempo sen convocar, a costa de outras especialidades.

- Habitualmente as prazas de **promoción interna** non se cubren na súa totalidade. Sabemos que por lei a oferta destas prazas ten que ser dun 25% polo que demandamos á Administración que se comprometa a cubrilas e que non se utilice este sistema para amortizar prazas.



2. ORDE do de de 2025 pola que se convocan procedementos selectivos de acceso ao corpo de inspectores de educación e ao corpo de profesores de ensino secundario e de ingreso ao corpo de profesores de ensino secundario, ao corpo de profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional e ao corpo de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional e mestres da CCAA de Galicia.

Como novidade infórmannos que no aplicativo de inscrición o seguinte:

Marcar a autorización de consulta da inexistencia de antecedentes penais por delitos sexuais na solicitude de inscrición.

- Desde UGT- SP insistimos na importancia de que o **rateo de aspirantes por tribunal** se minimice ao máximo, polo que pensamos que a Consellería debería esforzarse para conseguir uns resultados cada vez máis obxectivos e eficaces nas probas selectivas.
- Os presidentes dos tribunais, deberían ser por sorteo igual que os os vogais e non designados directamente pola dirección xeral de recursos humanos.

Seguimos defendendo a necesidade dunha comunicación directa entre tribunal e aspirantes.

Indicannos que non é necesario, sempre poden chamar á consellería. Só foi una medida nas circunstancias da pandemia.

A valoración dos méritos debería corresponderlle a persoal da consellería e non cargar con esta tarefa aos tribunais. Ademais deberían entregarllas ao tribunal unha vez estivese publicada a nota de oposición.

Informamos que hai membros de tribunais que aínda non cobraron a día de hoxe.

Respostan que aínda quedan algunhas persoas sen cobrar polo cambio de exercicio fiscal



- Debido á necesidade de tempo para a organización dos opositores, pedimos que se publiquen as datas e lugares das probas con suficiente antelación, así como no punto 10.3.3 se amplíen os prazos de chamamentos polo menos a 48 horas de antelación. Engadimos a esta solicitude a ampliación do prazo de reclamación da lista provisional de 3 a 5 días hábiles. Así como no pto 20.1, debería ampliarse os días para a presentación ao CADP unha vez aprobada a oposición.

Non se fará ningunha modificación de prazos.

- Respecto a inspección, queremos coñecer o motivo de non convocar prazos para persoas con discapacidade.
- **Pto 8.3:** As taxas para os demandantes de emprego deberían ser nulas.
- **Pto 10.7:** a partir de que día se prevé realizar o acto de presentación.

Comunican que a data de inicio do proceso será o 21 de xuño 2025.

- **No punto 14.4:** para a **tipoloxía** da programación didáctica, a Consellería pide que se entregue en letra tipo Arial o que se contradice coas convocatorias feitas anteriormente e querendo normalizala, utilizando o tipo de letra Xunta Sans.

BAREMO

- **UGT-SP** solicita que o **tempo traballado no corpo de EOI** dun idioma se conte no apartado 1.1 con 1pto e non no 1.2 coa metade da puntuación para secundaria polo menos na especialidade de linguas modernas.



3. ANTEPROXECTO DE DECRETO xx/2025, de xx de xx, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei 2/2006, do 3 de maio, en centros educativos sostidos con fondos públicas da Comunidade Autónoma de Galicia

Novidades:

Incorpórase dúas novas modalidades de formación: os proxectos de innovación educativa e os proxectos de investigación.

Engádesse unha nova estrutura: comunidades de observación e aprendizaxe.

O cambio máis significativo son os requisitos para ser director ou asesor dun CFR ou do CAFI.

- Desde UGT-SP consideramos que o Decreto presentado ten moitas carencias e que debería saír a Orde que o desenvolve canto antes, xa que o Decreto fixa unha data de finalización de proceso de selección.
- No art. 2: valoramos positivamente que dentro dos destinatarios contemple o persoal docente de centros educativos dependentes doutras consellerías.
- Respecto ao art. 21, consideramos que a persona coordinadora de formación debería recibir, a parte do recoñecemento administrativo, un recoñecemento económico e /ou unha redución de carga horaria.
- No artigo 23 entendemos que as organizacións sindicais forman parte da Comisión autonómica de formación. Se é así, pedimos que se reflexa no Decreto.
- Disposición adicional 2ª: valoramos positivamente a creación do CFR de Santiago.
- Disposición transitoria 1ª: estamos en desacordo coa selección de dirección do CAFI por libre designación.
- Disposición transitoria 3ª.7: non entendemos que as avaliacións do traballo non teña unha periodicidade, criterios e metodoloxía concretos e que iso dependa da persoa titular da dirección xeral.

A resposta do subdirector é que as avaliacións seguirán sendo anuais.



VARIOS:

- Pedimos que se axilien os pagos dos primeiros trienios e sexenios

Articularase un novo procedemento para que nun mes e medio se actualice e resolva

- Seguen sen crearse os **COMITÉS** de **SAUDE LABORAL**
- Transmítennos a preocupación pola presenza de altos niveis de radón en centros. Medidas por parte da Administración.

Está pendente da recepción por parte da consellería de sanidade do listado de municipios aceptados para actuar.

- Actualización coa lexislación nacional e ampliacións actualizadas de **ORDE** de **PERMISOS e LICENZAS**

A previsión da actualización do documento está prevista para este curso.

- Preguntamos pola situación do plan de igualdade
- Seguimos solicitando a negociación dos ROC.

